



Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo

**EXPTE. 43/613 ANEXO.**

## **Deseño curricular da especialidade de CAIM-LUTHERÍA ANTIGA (PEMAO2015).**

Ramón R.Casal, mestre de Oficios en CAIM Luthería antiga da EMAO

Data: 07-01-2016

### **CAIM Luthería antiga: Perfil Profesional, Referente Formativo e Temporalización e Secuenciación**

O Deseño Curricular do Plan Educativo divídese en tres elementos coordinadores da proposta educativa, que son:

#### 1. Perfil Profesional.

No que se especifican, enumeran e describíense as Competencias que abranguen a formación de esta especialidade.

#### 2. Referente Formativo.

Este documento organizase en módulos formativos, cada módulo define o seu obxectivo xeral e os obxectivos conceptuais, procedimentais, actitudinais, criterios de avaliación, contidos e duración que nel se desenrolan.

Os módulos van orientados ao logro das Competencias e polo tanto asociados a unha unidade de competencia ou a varias delas.

Seguindo o deseño curricular do PEMA02015 os módulos que defino para a especialidade de CAIM Luthería antiga seguen o esquema dado, adaptándose a una formación específica e completa de esta arte de traballar a madeira.

A formación presentase comezando por un módulo inicial orientado ó deseño e o proceso creativo-artístico, seguido de módulos dirixidos as competencias técnicas específicas da CAIM Luthería antiga, rematando cun módulo encamiñado á xestión da carreira profesional do estudante. No caso de esta especialidade é conveniente a realización do Produto Final Integrado, pois é o reflexo material do aprendido durante o curso e pon de manifesto a autonomía e a autoxestión adquirida, necesaria para desenvolverse nun futuro profesional.

#### 3. Temporalización e Secuenciación.

É aquí onde se especifican as horas que corresponden a cada módulo e os contidos de cada nivel ou curso.



## 1. PEFIL PROFESIONAL

### 1.1 PERFIL E COMPETENCIAS

O perfil profesional define o obxectivo xeral e as competencias educativas para con esta especialidade. O estudo desta especialidade tal como a conforma este curriculum debería levar ó estudante á total capacidade técnica, artística e de autoxestión para o desenrolo profesional autónomo. No esquema gráfico que presento a seguir defínense os conceptos para o desenrolo e éxito de esta profesión artesán, atendendo as capacidades que hai que cubrir.

A seguir do esquema gráfico presentase o resumo das competencias que abrangue esta formación, defínese a competencia xeral e as unidades de competencia que conforman o curriculum.

Esta é a Competencia xeral que define o Currículo:

**Xestionar, deseñar e saber representar as ideas inherentes de materialización, investigando, analizando e valorando a expresividade artística, formalización técnica e contextualización histórica. Atendendo a proxección e construción de instrumentos musicais dentro do marco da luthería, seguindo formulacións artísticas, a vez que xestionando o proceso creativo, o uso e escolla dos materiais, os procedementos e as técnicas tradicionais ou contemporáneas. Todo elo adecuando o proxecto ao medio, á maquinaria e as ferramentas, con criterios de seguridade física, laboral e medioambiental e tamén asimilando o concepto de autoxestión do proceso creativo para fomentar a autonomía no desenrolo do aprendizaxe, garantindo a calidade técnica, o criterio artístico e a proxección final do proxecto.**

COMPETENCIA XERAL	UNIDADES DE COMPETENCIA
<p>Deseñar e construír instrumentos barrocos de arco, a partir de modelos preexistentes e desenvolvendo e executando o proxecto de deseño e construción artesanal con criterios técnicos e estéticos; organizando a actividade profesional do seu obradoiro, en condicións de seguridade laboral e protección ambiental, e con garantía de calidade artesá e funcional.</p>	<p><b>Unidade de Competencia 1:</b> Desenvolver o proxecto de deseño e construción artesanal de instrumentos barrocos de arco.</p> <p><b>Unidade de Competencia 2:</b> Preparar e manter ferramenta e maquinaria para a construción de instrumentos barrocos de arco.</p> <p><b>Unidade de Competencia 3:</b> Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos barrocos de arco.</p> <p><b>Unidade de Competencia 4:</b> Elaborar e ensamblar as pezas de instrumentos barrocos de arco.</p> <p><b>Unidade de Competencia 5:</b> Aplicar técnicas de vernizado.</p> <p><b>Unidade de Competencia 6:</b> Realizar a montaxe final, acabar e afinar o instrumento barroco de arco.</p> <p><b>Unidade de Competencia 7:</b> Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal.</p>

## 1.2 PERFIL PROFESIONAL DE CAIM Luthería antiga

A continuación e seguindo a esquematización do PMAO2015 vixente, preséntanse e expóñense unha a unha as unidades de competencia que conforman este curriculum.

COMPETENCIA XERAL
<p>Deseñar e construír instrumentos barrocos de corda frotada, a partir de modelos preexistentes e desenvolvendo e executando o proxecto de deseño e construción artesanal con criterios técnicos e estéticos; organizando a actividade profesional do seu obradoiro, en condicións de seguridade laboral e protección ambiental, e con garantía de calidade artesá e funcional.</p>
UNIDADES DE COMPETENCIA
<p><b>Unidade de Competencia 1:</b> Desenvolver o proxecto de deseño e construción</p>



artesanal de instrumentos barrocos de arco.

**Unidade de Competencia 2:** Preparar e manter ferramenta e maquinaria para a construción de instrumentos barrocos de arco.

**Unidade de Competencia 3:** Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos barrocos de arco.

**Unidade de Competencia 4:** Elaborar e ensamblar as pezas de instrumentos barrocos de arco.

**Unidade de Competencia 5:** Aplicar técnicas de vernizado.

**Unidade de Competencia 6:** Realizar a montaxe final, acabar e afinar o instrumento barroco de arco.

**Unidade de Competencia 7:** Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal.

## UNIDADE DE COMPETENCIA 1

Desenvolver o proxecto de deseño e construción artesanal de instrumentos barrocos de arco.

### REALIZACIÓNS

Obter, analizar e organizar información a través de recursos, dixitais ou non, sobre técnicas, materiais e procesos referida a os antecedentes históricos, para o seu emprego na definición do proxecto de deseño e construción.

Definir as especificacións formais, estéticas, técnicas, mecánico-acústicas e materiais de instrumentos musicais de corda frotada avaliando a información recompilada, para determinar o seu deseño.

Determinar a forma i estrutura do instrumento barroco de arco realizando debuxos, planos e plantillas a partir das especificacións formais simbólico-estéticas definidas, empregando técnicas gráficas e sistemas de representación manuais e informáticos para ser empregados como elemento de presentación e valoración na toma de decisións, así como servir de guía no proceso de elaboración.

Definir o plan de elaboración do instrumento barroco de corda frotada a partir das especificacións, determinando as fases, os tempos e procedementos de control de calidade e seguridade para garantir a execución nas condicións previstas.

Documentar o proxecto de deseño e construción artesanal do instrumento barroco de arco, incorporando as decisións sobre as súas características, materiais, técnicas, condicións económicas e plan de elaboración para garantir a súa execución.

### Medios de produción

<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/ maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Información especializada e profesional relacionada coas pezas.</li> <li>- Técnicas gráficas.</li> <li>- Sistemas de representación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Materiais e útiles para a representación gráfica.</li> <li>- Útiles de debuxo e medida (pe de rei, regras escuadras, cartabóns, compás, entre outros).</li> <li>- Hardware e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Definición gráfica do proceso global de elaboración dos elementos e pezas.</li> <li>- Elaboración de ficha técnica.</li> <li>- Definición dos acabados das pezas a partir do deseño.</li> <li>- Esbozos das pezas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxecto de deseño e construción das pezas.</li> <li>- Plan de elaboración.</li> <li>- Modelos. Plantillas</li> <li>- Normativa sobre riscos laborais e ambientais.</li> </ul>

	software.	a fabricar. - Plan de elaboración.	
--	-----------	---------------------------------------	--

<b>UNIDADE DE COMPETENCIA 2</b>			
Preparar e manter ferramenta e maquinaria para a construción de instrumentos barrocos de arco.			
<b>REALIZACIÓNS</b>			
Afiar gubias, cepillos e trenchas			
Preparar e regular máquinas de corte para madeira.			
Preparar e regular máquinas de preparación de superficies.			
Elaborar útiles e soportes necesarios para a realización de determinados procesos.			
<b>Medios de producción</b>			
<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
Gubias, trenchas cepillos  Madeiras  Aceites, lubricantes, grasas.	Cepilladora regrosadora. Calibradora lixa Serra circular. Combinada. Taladro. Torno. Máquina de aspiración de po e viruta. Esmeril. Pedra de asentar. Formóns. Gubias. Escofinas. Limas. Serróns. Cepillo manual. Raspillas. Cepillos	Gubias, cepillos e trenchas. Útiles e soportes Maquinas en bo estado de funcionamento. Máquinas e equipos preparados para o mecanizado.	Manuais de instruccións da maquinaria e ferramenta

<b>UNIDADE DE COMPETENCIA 3</b>
Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos barrocos de arco.
<b>REALIZACIÓNS</b>



- Adquirir as madeiras para instrumentos musicais seleccionándoas segundo a función, dimensións e características mecánicas das pezas nas que van ser transformadas, para proceder ó seu acondicionamento e almacenaxe.
- Clasificar a madeira para instrumentos musicais en base a súa denominación comercial, finalidade, calidades físicas e estéticas para manter actualizado o inventario.
- Almacenar e inventariar as pezas de madeira para instrumentos musicais, aplicando os procedementos establecidos, para garantir a súa calidade, dispoñibilidade, condicións de uso e seguridade laboral e ambiental.

**Medios de produción**

<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/ maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
<p>Madeiras adquiridas, seleccionadas, clasificadas e preparadas para o seu secado, almacenadas e inventariadas.</p> <p>Pinturas, colas, parafina, entre outras, para o selado das testas das madeiras.</p>	<p>Ferramentas de medida. Cepillo e rasqueta para valorala tonalidade das madeiras e posibles defectos.</p> <p>Acondicionador de aire, higrómetro, deshumidificador</p>	<p>Madeiras adquiridas, seleccionadas, clasificadas, preparadas para o seu secado, almacenadas e inventariadas</p>	<p>Normativa CITES (Convention International Trade in Endangered Species).</p> <p>Catálogos comerciais de madeiras para instrumentos musicais.</p> <p>Previsions de produción de instrumentos musicais.</p> <p>Manuais sobre madeiras.</p> <p>Normativa sobre prevención de riscos laborais e ambientais relacionada co almacenamiento de madeiras.</p>

**UNIDADE DE COMPETENCIA 4**

Elaborar e ensamblar as pezas de instrumentos barrocos de arco.

**REALIZACIÓNS**

Elaborar os aros, segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento barroco de arco, axustándoos as curvaturas dos moldes en condicións de seguridade laboral e protección ambiental.

Elaborar os tacos, segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento barroco de arco, axuntándoos as curvaturas dos aros i encolándoos en condicións de seguridade laboral e protección ambiental.

Elaborar os contraaros, segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento barroco de arco, axustándoos as curvaturas dos aros e encolándoos, en condicións de seguridade laboral e protección ambiental para aumentar a superficie de encolado de tapa e fondo.

Elaborar fondo do instrumento barroco de arco, fabricando contamolde para doblar o fondo.

Construír o cravixeiro segundo as técnicas e procedementos establecidos no proxecto do instrumento barroco de arco, con taiado de voluta segundo o modelo.

Elaborar encaixe de mango coa caixa armonica do instrumento barroco de arco.

Preparar a tapa harmónica segundo as técnicas e procedementos tradicionais establecidos no proxecto do instrumento barroco de arco. Elaboración de bóveda, vaciado interior y encolado barra armonica.

Realizar o peche da caixa harmónica. Encolando Tapa fondo e aros.

Elaboración de Diapasón e cordoeiro.

Elaboración de Clavixas, segundo o modelo escollido.

Decoración das partes do instrumento segundo o deseño orixinal.

Elaboración de ponte e de alma segundo o modelo escollido.

### Medios de produción

<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/ maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
<p>Madeira previamente seleccionada.</p> <p>Derivados da madeira.</p> <p>Colas naturais.</p>	<p>Banco de traballo.</p> <p>Escariador.</p> <p>Formóns. Gubias.</p> <p>Limas. Escofinas.</p> <p>Regras Calibres.</p> <p>Lixas. Serróns .</p> <p>Domador. Serra de cinta.</p>	<p>Aros. Interiores.</p> <p>Fondo. Tapa harmónica.</p> <p>Mango.</p> <p>Clavixeiro. Clavixas.</p> <p>Diapasón</p> <p>Cordoeiro.</p> <p>Ponte. Alma</p>	<p>Planos.</p> <p>Plantillas.</p> <p>Software.</p>

	Cepillos. Garlopas Calibradora. Torno. Torniquetas. Moldes.		
--	--	--	--

<b>UNIDADE DE COMPETENCIA 5</b> Aplicar técnicas de vernizado.			
<b>REALIZACIÓNS</b>			
<p>Selar os poros da madeira do instrumento barroco de arco segundo procedemento tradicionais, en condicións de seguridade laboral e protección ambiental, para acadar unha imprimación homoxénea de calidade.</p> <p>Vernizar e pulimentar o instrumento barroco de arco mediante técnicas e procedementos artesanais, en condicións de seguridade laboral e protección ambiental, para protexer e embelecer a superficie con garantía de calidade.</p>			
<b>Medios de produción</b>			
<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
Resinas. Gomas naturais. Alcohol. Aceites. Esencias. Tripoli. Sandaraca. Mascarillas. Luvas. Lixas.	Camara de secado UV.  Morteiros Molinillos.  Matraces.  Tubos de ensaio.  Termómetros.  Forno.  Útiles de medición.  Muñequillas.  Pinceis, Brochas.	Vernies naturais elasticos de alcohol e aceite.  Tapaporos.  Acabados vernizados brillantes e pulidos de instrumentos musicais.	Indicacións de uso dos produtos dos fabricantes.

	Espatulas		
--	-----------	--	--

<b>UNIDADE DE COMPETENCIA 6</b>			
Realizar a montaxe final, acabar e afinar o instrumento barroco de arco.			
<b>REALIZACIÓNS</b>			
Colocación de Alma e Ponte			
Colocación e montaxe de cordas segundo a súa afinación			
Asentado das cordas na ponte e proba de sonoridade do instrumento.			
<b>Medios de produción</b>			
<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cordas de tripa.</li> <li>• Cordas de tripa entorchada.</li> <li>• Trastes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Limas.</li> <li>• Almero</li> <li>• Lixas</li> <li>• Espello</li> <li>• Afinador</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Funcionamento do instrumento barroco de arco.</li> </ul>	

<b>UNIDADE DE COMPETENCIA 7</b>
Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal.
<b>REALIZACIÓNS</b>
Definir os obxectivos do obradoiro artesán o realizar o plan de viabilidade tendo en conta a realidade do mercado para lograr a máxima rendibilidade dos recursos e inversións.
Respectar as normas de seguridade e hixiene, interpretando correctamente as fichas técnicas e de seguridade de tódalas materias primas existentes no obradoiro.
Asegurar o aprovisionamento de subministros, conxugando as necesidades coas existencias para garantir desenvolvemento da produción prevista.
Elaborar un orzamento da peza ou serie que se vai realizar calculando os custes para decidir a súa rendibilidade.
Compartir e difundir o traballo realizado a través de medios dixitais o presenciais.



Elaborar un dossier que recolla a obra e o seu proceso de execución e permita presentala a clientes, empregadores e público.

Coñecer as necesidades do mercado, para poder promocionar o seu traballo.

Empregar o Equipo de Protección individual de forma correcta para realizar con seguridade as actividades do obradoiro.

### Medios de produción

<u>Emprega estes materiais e recursos</u>	<u>Emprega esta ferramenta/ maquinaria</u>	<u>Obtén estes resultados</u>	<u>Utiliza e xera esta información</u>
	Hardware Software	Plan de viabilidade. Solicitud de subvencións Orzamentos laborais.  Plan fiscal. Pagos de obrigacións tributarias.  Propostas de plan de presentación de produtos.  Sistema de elaboración e control de venta.  Plan de comercialización.  Orzamentos de produtos de artesanía.  Necesidades de aprovisionamento de subministros.  Pedidos de suministros.	Normativa e recomendacións sobre seguridade, hixiene e protección individual.  Normativa e recomendacións relacionadas coa conservación do medio ambiente.  Normativa fiscal e laboral vixente. Órdenes de subvencións da administración local, autonómica ou estatal.  Fichas técnicas de materiais. Inventarios de materiais.

## 2. REFERENTE FORMATIVO

### 2.1 MÓDULOS FORMATIVOS



	MÓDULOS FORMATIVOS
<b>CAIM Luthería antiga</b>	<p><b>Módulo 1:</b> Analise do proxecto e planificación do traballo.</p> <p><b>Módulo 2:</b> Historia da música antiga.</p> <p><b>Módulo 3:</b> Tecnoloxía da madeira enfocada a instrumentos musicais.</p> <p><b>Módulo 4:</b> Métodos de afiado e asentado de ferramentas.</p> <p><b>Módulo 5:</b> Elaboración tradicional e montaxe do instrumento barroco de arco.</p> <p><b>Módulo 6:</b> Selado de madeira e vernizado do instrumento.</p> <p><b>Módulo 7:</b> Montaxe final, afinación e comprobación da sonoridade do instrumento.</p> <p><b>Módulo 8:</b> A organización dun obradoiro artesanal de elaboración instrumentos barrocos de arco.</p>

## 2.2 REFERENTE FORMATIVO DE CAIM Luthería antiga

CAIM Luthería antiga
<p><u>Duración Total:</u> Currículo normal: 700 horas Currículo estendido: 830 horas</p>
COMPETENCIAS
<p><b>Unidade de Competencia 1:</b> Desenvolver o proxecto de deseño e construción artesanal de instrumentos barrocos de arco.</p> <p><b>Unidade de Competencia 2:</b> Preparar e manter ferramenta e maquinaria para a construción de instrumentos barrocos de arco.</p> <p><b>Unidade de Competencia 3:</b> Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos barrocos de arco.</p> <p><b>Unidade de Competencia 4:</b> Elaborar e ensamblar as pezas de instrumentos barrocos de arco.</p> <p><b>Unidade de Competencia 5:</b> Aplicar técnicas de vernizado.</p>



**Unidade de Competencia 6:** Realizar a montaxe final, acabar e afinar o instrumento barroco de arco.

**Unidade de Competencia 7:** Organizar a actividade profesional dun obradoiro artesanal.

### OBXETIVO XERAL

Ensinar as tecnicas de construccions dun instrumento musical barroco de arco empregando métodos tradicionais incorporando innovacions actuais.

### MÓDULOS FORMATIVOS

**Módulo 1:** Analise do proxecto e planificación do traballo.

**Módulo 2:** Historia da música antiga.

**Módulo 3:** Tecnoloxía da madeira enfocada a instrumentos musicais.

**Módulo 4:** Métodos de afiado e asentado de ferramentas.

**Módulo 5:** Elaboración tradicional e montaxe do instrumento barroco de arco.

**Módulo 6:** Selado de madeira e vernizado do instrumento.

**Módulo 7:** Montaxe final, afinacion e comprobacion da sonoridade do instrumento.

**Módulo 8:** A organización dun obradoiro artesanal de elaboración instrumentos barrocos de arco.

## MÓDULO 1

Analise do proxecto e planificación do traballo.

Asociado a Unidade de Competencia 1: Desenvolver o proxecto de deseño e construción artesanal de instrumentos barrocos de arco.

### OBXETIVO XERAL

Deseñar e proxectar a construción do instrumento musical barroco de arco, tendo como referente os antecedentes históricos .

Duración: 60 horas

### OBXETIVOS DE MÓDULO

Conceptuais	Procedimentais	Actitudinais
Comprender o desenvolvemento histórico relacionado coa lutheria antiga  Analizar a produción dos principais luthieres/artesanos	Escoller, analizar e archivar documentación e material gráfico de distintas fontes cunha actitude creativa e crítica para definir un deseño personaliado do proxecto.	Habitos de documentación, indagación e búsqueda de ideas aplicabeis no desenvolvemento da obra persoal.  Actitude creativa, aberta os cambios e innovacións, en



<p>relacionados coa lutheria antiga</p> <p>Analizar os estilos mais relevantes relacionados coa lutheria antiga</p> <p>Coñecer cales son as fontes de información fiables e relevantes relacionadas coa lutheria antiga</p> <p>Coñecer os sistemas de representación gráfica mais axeitados a lutheria antiga</p>	<p>Determinar as especificacions formais, estéticas, técnicas, do instrumento a partir de información recopilada e avaliada para concretar a execución da obra.</p> <p>Aplicar técnicas de representación gráfica manuais e informáticas do instrumento a partir das súas especificacions formais e simbólico-estéticas.</p> <p>Elaborar una aproximación bidimensional e tridimensional, como primeiro paso da aproximación física a peza final.</p> <p>Definir o plan de elaboración do instrumento, temporalizando as diferentes fases e decidindo os materiais a empregar, en condicións de seguridade laboral e protección</p> <p>Documentar o deseño a través da memoria e presuposto para analizar e valorar a viabilidade do proxecto</p>	<p>búsqueda de novas ideas, posibilidades técnicas e materiais.</p> <p>Valorar a tradición e a historia como fontes de inspiración a partir das que sustentan o proceso creativo.</p> <p>Manter unha actitude de búsqueda da excelencia no traballo realizado.</p> <p>Interpretar e dar resposta ás demandas dos clientes.</p>
<p><b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b></p>		
<p>Elaborar un proxecto de instrumento barroco de arco, onde se definan as características estruturais e estéticas en base á documentación recompilada e que reflicte as expectativas sonoras do mesmo, aportando os planos que servirán de guía para a súa construción, cunha secuenciación lóxica e ordenada das fases de</p>		



produción e unha selección adecuada dos materiais a empregar.

## CONTIDOS

1. Información e antecedentes para proxectos de instrumentos musicais barrocos de arco.

- Definición das características estruturais do instrumento.
- Tipoloxía dos instrumentos musicais barrocos.
- Selección de información. Cualidades dos instrumentos musicais: a forma, os usos estéticos; funcións básicas e accesorias, e esixencias acústicas.

2. Estructura de proxectos de construción de instrumentos musicais barrocos de arco.

- Requerimentos iniciais, control da información. Planificación e seguimento de procesos de proxectación: metodoloxía e descripción.
- proceso de proxectación: intuición e método.
- Unidade e coherencia formal e informativa en presentación de proxectos.

3. Elementos estruturais dun instrumento barroco de arco.

- Estudo das características estruturais dun instrumento musical barroco de arco: compoñentes en función das partes do instrumento musical, materiais convencionais e innovadores, clasificación de especificacións.

4. Elementos sonoros dun instrumento musical barroco de arco.

- Acústica e son: timbre, ton, color, tesitura.
- Técnicas de análise de especificacións: relación entre os elementos, materiais e pezas.

5. Técnicas de representación gráfica para deseño de instrumentos musicais

- Selección de sistemas de representación na determinación de formas e estruturas: debuxo e recursos gráficos de descripción.
- Uso de equipamentos informáticos no tratamento de gráficos: programas de soporte, bases de datos en internet.
- Recopilación de datos acerca de sistemas de representación: valores funcionais, comunicativos e estéticos; influencia do deseño no desenvolvemento e evolución dos referentes musicais e instrumentos



musicais.

6. Organización:

- Secuencia e ordenación das fases de produción .
- Selección de materiais e tecnoloxía: prestacións de materiais tradicionais e innovadores.

Ferramentas dixitais para a búsqueda, organización e xestión da información na rede:

- Marcadores de Favoritos
- Lectores de RSS
- Sistemas de curación de contidos

O desenvolvemento do entorno persoal de aprendizaxe relacionado coa luthería antiga.

## MÓDULO 2

Historia da música antiga.

Asociado a Unidade de Competencia 1:  
Desenvolver o proxecto de deseño e construción artesanal de instrumentos barrocos de arco.

### OBXETIVO XERAL

Analizar os momentos evolutivos e históricos da música e dos instrumentos musicais barrocos, como fonte para o desenvolvemento do proxecto, tanto a nivel técnico como expresivo.

Duración: 30 horas

### OBXETIVOS DE MÓDULO

Conceptuais	Procedimentais	Actitudinais
Distinguir as etapas da evolución dos instrumentos musicais barrocos dende as súas orixes ata a actualidade, para	Ordenar as distintas etapas da evolución dos instrumentos barrocos de arco identificando a aparición dos distintos luthiers.	Apreciar as etapas de construción dos séculos XVIe XVII.  Acostumarse a diferenciar as distintas tipoloxías.



<p>identificar os distintos momentos históricos que provocaron un cambio.</p> <p>Analizar o traballo e evolución de lutieres relevantes na construción de instrumentos musicais barrocos de arco para comprender o proceso evolutivo e creativo e conformar unha conciencia propia.</p>		<p>Acostumarse a empregar as técnicas de deseño e constructivas para conquistar maior excelencia nos produtos elaborados.</p>
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>		
<p>. Recoñecer as distintas etapas da evolución da música barroca</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Distinguir as distintas etapas da evolución dos instrumentos.</li> <li>• Identificar os diferentes lutieres.</li> <li>• Analizar a evolución musical e de construción dos instrumentos ao longo dos séculos.</li> </ul>		
<b>CONTIDOS</b>		
<p>A música nas culturas antigas. Grecia</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A música na antigüidade</li> <li>• A música na antiga Grecia</li> </ul> <p>O canto litúrxico cristiano medieval</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os oríxes do canto litúrxico cristiano</li> <li>• O canto gregoriano</li> <li>• Expansións do canto</li> </ul> <p>La monodia profana medieval</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A canción na al-Ándalus</li> <li>• O movemento trovadoresco</li> <li>• A canción profana nos reinos cristianos ibéricos</li> <li>• A canción monódica latina</li> <li>• A música instrumental na Idade Media</li> </ul> <p>A polifonía medieval</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Oríxes da polifonía</li> <li>• <i>Ars Antiqua</i></li> </ul>		



- *Ars Nova*

A música no Renacemento

- O motete
- A canción
- A misa polifónica
- A música instrumental no Renacemento

O século XVII. O Barroco

- A transición do Renacemento ao Barroco
- Do madrigal a cantata
- O nacemento da ópera
- A música vocal relixiosa no XVII
- A música instrumental no XVII

O século XVIII

- O Barroco tardío
- O Clasicismo musical

O século XIX

- Un século romántico
- O Romanticismo musical
- Xéneros musicais

### MÓDULO 3

Tecnoloxía da madeira enfocada a instrumentos musicais.

Asociado a Unidade de Competencia 3:

Seleccionar e almacenar madeiras para a construción de instrumentos barrocos de arco.

#### OBXETIVO XERAL

Seleccionar e recoñecer as madeiras en función da súa calidade visual e mecánica, para relacionala coas características finais que se precisan para a construción do instrumento.

Duración: 50 horas



<b>OBXETIVOS DE MÓDULO</b>		
<b>Conceptuais</b>	<b>Procedimentais</b>	<b>Actitudinais</b>
